

INTRODUCCIÓN

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organiza o vindeiro 20 de febreiro o **I Encontro Galego de Mobilidade Xuvenil Europea**.

O encontro pretende ser un espazo de intercambio de experiencias entre as/os mozas/os implicados nos distintos programas de mobilidade europeos: Xuventude en Acción e Leonardo da Vinci.

Está prevista a participación tanto de mozas/os galegas/os que realizaron proxectos en países de Europa ou outros países; como daqueles mozos/as estranxeiras/os que están realizando proxectos en Galicia.

A participación está aberta a todo o colectivo de mozos e mozas, así como ao movemento asociativo xuvenil que queiran coñecer de preto as experiencias.

Este encontro vai ter lugar o 20 de febreiro na Facultade de Medicina (Santiago de Compostela).

As persoas interesadas poderán inscribirse enviando un correo electrónico ou fax aos enderezos indicados na ficha de inscrición.

O prazo para inscribirse estará aberto ata o día 12 de febreiro.



PROGRAMA DE ACTIVIDADES

09:00 h. Recepción das persoas participantes e entrega da documentación

10:00 h. Apertura do acto a cargo da conselleira de Traballo e Benestar, *Beatriz Mato Otero*

10:15 h. Conferencia
"Programa de Xuventude en Acción como medio de aprendizaxe non formal"

11:00 h. Debate / preguntas

11:15 h. Conferencia Programa Leonardo da Vinci

12:00 h. Debate / preguntas

12:15 h. Pausa - café

12:45 h. Exposicións de participantes nas accións:

* **Acción 1.1:** Intercambios xuvenís

* **Acción 1.2:** Iniciativas xuvenís

* **Acción 2:** Servizo Voluntario Europeo

* **Acción 3.1:** Cooperación cos países veciños asociados á UE

* **Acción 4.3:** Formación e proxectos en rede de traballadores e organizacións xuvenís

* Experiencias no **Programa Leonardo da Vinci**

14:00 h. Xantar

16:30 h. Comezo dos obradoiros:

- **Obradoiro 1** - Intercambios e iniciativa xuvenís

- **Obradoiro 2** - Servizo Voluntario Europeo

- **Obradoiro 3** - Programa Leonardo da Vinci

18:00 h. Pausa-café

18:30 h. Elaboración de conclusións

19:00 h. Exposicións das conclusións dos tres obradoiros

19:30 h. Peche e clausura do acto polo director xeral de Xuventude e Voluntariado, *Ovidio Rodeiro Tato*

DATOS INFORMATIVOS DE MOBILIDADE 2009

Número de proxectos realizados en 2009, tanto en Galicia coma no estranxeiro, por entidades e organizacións xuvenís galegas:

Acción 1. A xuventude con Europa

Sub-acción 1.1. Intercambios xuvenís

Sub-acción 1.2. Iniciativas xuvenís

Total proxectos: 23

Participantes galegos: 194

Acción 2. Servizo Voluntario Europeo

Total proxectos: 28

Participantes galegos: 11

Participantes estranxeiros: 24

Acción 3. A xuventude no mundo

Sub-acción 3.1. Cooperación cos países veciños da UE

Total proxectos: 7

Participantes galegos: 41

Acción 4. Sistemas de apoio á xuventude

Sub-acción 4.3. Formación e proxectos en rede de traballadores xuvenís e organizacións xuvenís

Total proxectos: 12

Participante galegos: 47

Acción 5. Apoio á cooperación europea no ámbito da xuventude

Sub-acción 5.1. Encontros de mozos/as e responsables de políticas de xuventude

Total proxectos: 1

Participante galegos: 10

Programa Leonardo da Vinci

Total proxectos: 3

Participante galegos: 105